

## ESCRIBIR EN GALEGO

1.- Escribir nunha lingua minoritaria-ainda que se chame galego-é por principio unha traxedia.

Escribir nunha lingua minoritaria é sempre unha elección, polo tanto un xeito de liberdade última.

Escribir nunha lingua minoritaria é un gozo, unha fartura, unha rebelión.

2. Teño agora moi perto de min ó noso meirande poeta contemporáneo, Celso Emilio Ferreiro, sobre de quen estou a facer un filme biográfico-literario. Foi el quen dixo, e quen me dixo, e quen me dixo, que a lingua era un moi principal instrumento da loita de clases. Por iso eu vos digo, sen pretender dar xeito ideolóxico a esta miña conversa convosco, que escribir na lingua que non é a oficial, supón como mínimo un enfrentamento cos poderes fácticos. Isto sucede agora menos, aínda que sucede, pero denantes sucedeu moito e todo.

3.- Lembrádesme os meus comenzos aquí en Madrid. Eramos un fato de mozos que en Santiago fixeramos o que entón se chamaba "Comunes". Viñemos aquí, Madrid, década dos cincuenta, censura represión, vasco-catalán-galego, tomados como instrumento de subversión. "HABLAD LA LENGUA DEL IMPERIO", e aquí Madrid, afirmámonos nunha galegitude político-lingüística que somentes alí sospeitábamos. Eramos xente, menos eu que non tiven vocación filolóxica e estudiei cinematografía, como Ramón Lourenzo, hoxe Cate-

drático de Galego na Universidade Compostelana, Herminio Barreiro, Catedrático de Pedagogía na mesma Universidade, Xosé Fernández Ferreiro, xefe de redacción de "La Voz de Galicia", Bernardino Graña, Catedrático de Literatura no Instituto de Cangas, Raimundo Patiño, precursor do informalismo na nosa pintura, en todo caso, pintor en galego ou Xosé Luis Méndez Ferrín, tamén Catedrático de Literatura... Ben, dígovos que estábamos aquí por aquelas datas, como agora vos, sendo conscientes de que utilizar o galego como forma de expresión literaria significaba denuncia; pero con orgullo podemos dicir hoxe que esa lingua nosa está dalgún xeito estatuida; é minoritaria, pero menos. E a nosa lingua.

4.- Algúns, coma min, tivemos-la sorte de ter un pai que foi bibliotecario do Partido Galeguista. Dende que eu nacín, moreas de libros editados en Galego durante a República en imprentas catalanas que a Editorial "NOS" lles encargaba, puidemos aprende-la lingua dende moi novos. Outros tiveron que aprendela a escondidas, pois que non só a represión política, senón o seu consecuente, a represión social era moi forte. Saibades que a primeira e mais importante Editorial en Galicia, Galaxia, non tivo rexistro editorial ata o ano sesenta e cinco, e que os libros que se editaban, pasaban a tal censura na meirande das veces por ignorancia dos propios censores, naturalmente casteláns.

5.- O meu primeiro libro, *Acoitelado na espera*, contén unha terceira parte, cusos poemas, digamos de compromiso político, non terían sido publicados de non ser por esa ignorancia a que me refiro.

6.- Sucede tamén, por outra banda, que un escritor en lingua minoritaria está inevitablemente suxeito as básicas influencias foráneas, o que significa un esforzo engadido de asimilación ó non existir un referente rico na propia tradición literaria.

7.- Flándovos da miña experiencia concreta, direivos que escribo o meu primeiro libro no ano 1959; na editorial Bris Pinto, que curiosamente por ter a súa sé social en Madrid, e o seu enderezo no Centro Gallego de declarada filiación franquista, da que nos aproveitabamos, tivo número de rexistro oficial. O seu recoñecemento viu, nemargantes, de Nova Iorque, donde foi premiado pola Unity Galega daquela cidade. Non en Galicia, e menos en España, tivo a menos

repercusión aquel libro que hoxe pasa por ser ox eu non o penso-un intento de modernidade poética, dentro das letras contemporáneas.

O segundo, *Doente na esperanza*, foi ve-la luz en Bos Aires. Velahí que o noso idioma vai furando terras alí por donde estamos e donde repercuten mais que no propio ámbito xeográfico. Pois é certo que á hora de publicar tiñamos que atravesar con dor as nosas encadeadas fronteiras.

¿Cal era a miña-a nosa-relación co resto dos escritores do Estado? Dificil sempre cando non nula. Isto temos que sabelo e asumilo, porque hoxe tamén sucede. Salvo moi honrosas excepcións, podo decir, que só se traducen ó español hoxendía, os escritores institucionalizados, pero polo que sabemos tampouco son lidos na medida en que o son os escritores na lingua orixinal. As razóns son claras: non hai nen promoción, porque non hai intereses editoriais.

O meu terceiro libro, *Indo pra mais perto*, publicase xa na chamada "transición política", na Editorial Akal, e certamente suscita unha serie de críticas que se adiviñaron como curiosidade ou solpresa, xustamente polo feito mesmo de estar escrito en galego. De xeito que as fronteiras seguían e seguen, pero a vocación e a lingua resultan inmorrentes.

*Pensade que só xenios como Salvador Espriu ou Alvaro Cunqueiro transcenden o seu propio idioma para estar no ámbito universal.*

Hai pouco asitin en Santiago a un Congreso sobre linguas minoritarias europeas, que por ducias se contaban e en todo-los representantes atopei tanto orgullo como tristura. *Ainda que penso que mais contento que tristura.*

Quero decir que, por definición, un escritor galego, renuncia, cando opta, a ser coñecido fora da súa terra, porque *escribir en galego*, e este é o meu caso e o de moitos dos meus compañeiros, supón maisun compromiso coa terra e o idioma que un afán profisional ou de gloria.

Estou a pensar agora nun escritor ben coñecido chamado Torrente Ballester que escribiu os cen primeiros folios de *La saga-fuga de J.B.* en galego. Chegado a este punto, concluiu que aquel idioma-que el domina por certo non iba coa forma da sua novela e voltou a comezar en castelán. Velahí o exemplo contrario: sen contradecir a Torrente eu penso que o galego era a lingua idónes para a devandita novela e mais para o tema tratado, Pero non nos enganemos, *La Saga-fuga* non pasaría á historia das letras españolas.

Por iso vos digo que escribir en galego é renunciar. Hai, ó meu xeito de ver, unha serie de síntomas que fan concebir esperanzas para a nosa lingua. Por exemplo, a implantación e consolidación das televisións publicas autonomicas, hoxe monolingües. Digo hoxe, pois fai cinco anos, aínda non era así... A produción de series e programas divulgativos que se fan intercambiabes, pode e debe constituir un factor de expansión positivo. Neste senso, e polo que nos toca, podo decirvos que Brasil é o primeiro competidor dos EE.UU. na produción de series dramáticas ou telefilmes, e aí si que temos cabida. Sabede tamén, que o cine de moda nos mercados internacionais e o angolano, donde a nosa lingua faise viva en Africa. Por iso, temos de seguir loitando.

ALEXANDRE CRIBEIRO  
(Universidad Autónoma)